



# CORONAVIRUS

## NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN SOBRE SANIDADE MORTUORIA COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DA COVID-19 EN GALICIA

02/02/2021

### 1. ACONDICIONAMIENTO DE CADÁVERES

O acondicionamento dos cadáveres de falecidos por COVID-19 realizarase por algún dos seguintes procedementos:

a) Segundo o disposto no [protocolo establecido polo Ministerio de Sanidade](#), empregando unha bolsa sanitaria estanca autorizada para tal fin, a cal se deberá pulverizar con desinfectante de uso hospitalario ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 5.000 ppm de cloro activo (dilución 1:10 dunha lixivia con concentración 40-50 g/litro preparada recentemente).

b) No caso de non dispor de bolsa sanitaria estanca, empregarase un dobre sudario de plástico que garanta a manipulación e condución dos cadáveres de maneira segura, ou unha bolsa impermeable específica para ese fin. Igualmente, deberase pulverizar con desinfectante de uso hospitalario ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 5.000 ppm de cloro activo (dilución 1:10 de una lixivia con concentración 40-50 g/litro preparada recentemente).

En ambos casos, unha vez introducido o cadáver no féretro deberase volver pulverizar segundo o procedemento indicado anteriormente.

### 2. VELORIOS E ENTERROS

Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 5 persoas por túmulo, agás conviventes, e 15 persoas no exterior.

A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de quince persoas non conviventes, entre familiares e achegados, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.



# CORONAVIRUS

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estancia nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios permanecerán pechados ao público.

Así mesmo hai que lembrar que non deben acudir aos locais onde se realice a vela e cultos ou cerimonias fúnebres, as persoas que presenten síntomas compatibles con COVID-19 ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

No caso de falecidos pola COVID-19 no seu domicilio, aplicaranse as recomendacións recollidas no documento do Ministerio de Sanidade ,sobre manexo en atención primaria e domiciliaria da COVID 19, [https://www.msbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Manejo\\_primaria.pdf](https://www.msbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Manejo_primaria.pdf)

### 3. CERIMONIAS CIVIS E DE CULTO RELIXIOSO

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o terzo da súa capacidade e deberase garantir, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.
2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.



# CORONAVIRUS

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.
4. A capacidade máxima dos espazos destinados ao culto deberá publicarse nun lugar visible destes.
5. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público.
6. Non se poderán realizar actuacións de coros o agrupacións vocais de canto.
7. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en contan as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:
  - a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.
  - b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.
  - c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.
  - d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.
  - e) Non se permitirá o uso de auga bendicida e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.
  - f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.
  - g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.
  - h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.





# CORONAVIRUS

- i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitárase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

8. As cerimonia e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

9. Ás celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia só poderán acudir as persoas conviventes.

## 4. SERVIZOS DE CAFETERIA E RESTAURACIÓN DE ESTABLECEMENTOS FUNERARIOS

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no local se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

## 5. INHUMACIÓN E INCINERACIÓN DE CADÁVERES

Tras a finalización do estado de alarma a Orde SND/272/2020 do 21 de marzo, pola que se establecen medidas excepcionais para expedir a licenza de enterramento e o destino final dos cadáveres ante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 xa non está en vigor.

Os prazos para efectuar a inhumación e a incineración serán os establecidos nos artigos 18,19 e 23 do Decreto 151/2014 ,do 20 de novembro , de sanidade mortuoria de Galicia.

## 6. EXTRACCIÓN DE MARCAPASOS

Deberase avisar á funeraria no caso de que o paciente sexa portador de estimuladores cardíacos (marcapasos) ou outros aparellos a pilas.

Tendo en conta a recomendación de limitar ao mínimo imprescindible a manipulación do cadáver dun falecido por COVID-19, só se recomenda a extracción de marcapasos ou outros aparellos a pilas no caso de que o cadáver vaia ser incinerado.





# CORONAVIRUS

Para elo deberán adoptarse as medidas de protección dos traballadores recomendadas no [Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2](#).

## 7. ACTUACIÓN SOBRE O CADÁVER E MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO PERSOAL DA EMPRESA FUNERARIA

As actuacións extrahospitalarias sobre o cadáver dunha persoa falecida pola COVID-19 limitaranse ao mínimo imprescindible. Deben ser realizadas por persoal da funeraria que debe estar informado de que se trata dun cadáver dunha persoa falecida por COVID-19.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais da empresa funeraria, acorde co resultado da avaliación de riscos de exposición dos traballadores establecerá as medidas de protección necesarias para a recepción, desinfección, transporte do féretro e, de ser o caso, a extracción de marcapasos ou similares, así como o procedemento a seguir no caso de calquera incidencia ou accidente. Ver [Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2](#).

## 8. CINZAS DA INCINERACIÓN DE CADÁVERES POLA COVID-19

As cinzas da incineración dun cadáver dun falecido poa COVID-19 poden ser obxecto de manipulación sen que supoñan ningún risco sanitario.

## 9. XESTIÓN DE RESIDUOS

A xestión dos residuos que se poidan producir na prestación dos servizos funerarios levarase a cabo tal e como se indica no Orde SND/271/2020, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, sendo a empresa funeraria a responsable da adecuada xestión dos mesmos.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2020-3973>

## 10. TRASLADOS AO EXTRANXEIRO

O traslado internacional do cadáver dunha persoa falecida por COVID19 debe realizarse seguindo o establecido na lexislación vixente, de modo análogo ao traslado internacional do resto de falecidos por calquera outra causa.



# CORONAVIRUS

Un dos requisitos da nosa lexislación nesta materia, é o embalsamamento ou a conservación transitoria dos cadáveres, tanto para a entrada como para a saída do territorio nacional, coa excepción da entrada de cadáveres que proceden de países asinantes dos Acordos de Estrasburgo e Berlín se o país de orixe non o esixe.

Nestes casos, dáse por bo o Salvoconduto Mortuorio que o acompaña e débese autorizar a entrada sen impedimentos, con independencia de se o cadáver foi ou non embalsamado. Para autorizar a saída e a entrada de cadáveres procedentes ou con destino a países non asinantes dos Acordos de Estrasburgo e Berlín, esíxese como regra xeral, o embalsamamento ou a conservación transitoria do cadáver.

A pesar de que non se recomenda a aplicación de técnicas de tanatopraxia nos cadáveres de persoas falecidas por COVID19, para os traslados internacionais por vía terrestre, marítima e aérea poderanse realizar técnicas de conservación transitoria que non impliquen a manipulación do cadáver.

O traslado internacional de cinzas, non está suxeito a regulamentación sanitaria

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión e poden ser modificadas se a situación epidemiolóxica así o requirise.

Para dispoñer dunha información actualizada recomendase validar as referencias no enlace da páxina web da Consellería de Sanidade.

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Sanidade-Ambiental>